

## Declaración institucional do Parlamento de Galicia - Día Universal da Infancia 2020

### Reimaxinar un mundo mellor para a infancia

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 está a ter graves consecuencias para a infancia. Atravesamos unhas circunstancias excepcionais que provocan un incremento da pobreza infantil e as desigualdades, un agravamento da fenda educativa, e unha ameaza para a saúde física e mental de nenos, nenas, adolescentes e as súas familias. Estas consecuencias impactan dunha maneira máis acentuada a quen están en maiores condicións de vulnerabilidade.

É por isto que neste **Día universal da Infancia**, desde o Parlamento de Galicia queremos sumar a nosa voz unánime e recordar o noso compromiso co cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno e coa implementación da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. A situación actual está a poñer a proba a nosa capacidade de responder como sociedade, non só ante a emerxencia derivada da COVID-19 senón fronte aos retos do futuro, polo que **renovar o compromiso cos dereitos da infancia resulta ineludible**.

É o momento de **reimaxinar un mundo mellor para a infancia**, cando ademais **iniciamos en Galicia unha nova lexislatura**. Para iso, será fundamental que desde todos os poderes públicos e especialmente desde a nosa casa, o Parlamento, renovemos o noso compromiso cos nenos, nenas e adolescentes e tamén coa Axenda 2030, como folla de ruta colectiva para responder á emerxencia actual e para reconstruír mellor, reimaxinando un mundo máis equitativo, sustentable e xusto para todas e todos.

Para facer iso realidade, será imprescindible que aseguremos que **os dereitos de nenos e nenas se poñen no centro das medidas de atención á crise e recuperación**. Debemos tomar decisións firmes para garantir que ningún neno e ningunha nena se quede atrás, e que cada un deles poida desenvolver o seu máximo potencial.

Xa previamente á chegada do coronavirus, a pobreza e a exclusión afectaban en Galicia ao 26% da poboación infantil: é dicir, moitas familias están afrontando a situación provocada pola COVID-19 desde condicións de extrema vulnerabilidade. Por iso, **debemos traballar xuntos para previr que a crise xerada pola pandemia se converta nunha crise duradeira para a infancia**. É por iso que nos comprometemos a promover as seguintes accións que favorezan o cumprimento dos seus dereitos:

- Promover un **maior e máis eficiente investimento na infancia**, garantindo que se asignan os recursos necesarios para afrontar os retos antes mencionados.
- Promover a elaboración da Lei galega de infancia e adolescencia, como instrumento marco no que articular os compromisos futuros cos nenos, nenas e adolescentes na nosa comunidade.
- Promover as accións que sexan necesarias para **analizar o impacto da COVID-19 na infancia e adolescencia** en Galicia, especialmente sobre os máis vulnerables e **abordar as súas solucións de cara á:**
  - Fortalecer o sistema de protección social para garantir un nivel de vida axeitado para cada neno e nena – ODS 1. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 1)
  - Abordar os retos da fenda educativa, atallando o fracaso escolar, o abandono temperán e a fenda dixital – ODS 4. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 4)
  - Asegurar medidas especiais de protección para os nenos e nenas solicitantes de asilo e refuxiados, así como migrantes non acompañados – ODS 10. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 10)

- Garantir os dereitos dos nenos e nenas privados dunha contorna familiar – ODS 16. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 16)
  - Previr, detectar e atender adecuadamente os casos de violencia contra a infancia – ODS 16. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 16)
  - Protexer e promover a saúde de nenos, nenas e adolescentes, con atención especial á saúde mental e aos dereitos de nenos e nenas con discapacidade – ODS 2, 3, 10. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 2,3,10)
  - Fortalecer a cooperación internacional para o desenvolvemento, cumprindo co compromiso recoñecido na Convención dos Dereitos do Neno de aportar á protección dos dereitos da infancia e adolescencia en todo el mundo– ODS 17. (OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 17)
- **Escoitar as preocupacións e necesidades de nenos, nenas e adolescentes**, e contemplalas dun xeito transversal na acción política, promovendo a súa participación para deseñar xunto con elas e eles as estratexias para a recuperación desta crise.
  - Promover as accións necesarias para o cumprimento dos **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e o Acordo de París**, convertendo a crise actual nunha oportunidade para investir no presente e futuro da infancia, reconstruíndo mellor e cun enfoque sustentable, sen perder de vista a ameaza da crise climática e o seu impacto na infancia.

Finalmente, recoñecendo as problemáticas existentes e os grandes retos que afrontamos, reafirmamos o noso compromiso para propoñer accións e acadar resultados a favor da infancia en Galicia, pero tamén



PARLAMENTO  
DE GALICIA

a nivel nacional e mundial, e declaramos o noso compromiso directo **cos nenos e nenas para reimaxinar, xunto con elas e eles, un mundo no que facer realidade todos os seus dereitos.**

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2020